




CERTAME LITERARIO XELA ARIAS IES de CHAPELA



O EDLG do IES de CHAPELA en colaboración coa Biblioteca convoca un certame literario coas seguintes

BASES:

1. Participantes

O certame está dirixido ao alumnado do IES de CHAPELA.

2. Modalidades: A) Poesía; B) Relato curto.

3. Presentación

Haberá dúas categorías:

A) alumnado de 1º e 2º Ciclo de ESO

B) Alumnado de Bacharelato e Ciclos.

- Cada participante presentará **un traballo en lingua galega** de cada modalidade na que queira participar.
- Na **modalidade A) Poesía**, o traballo presentado será un poema de autoría propia.
- Na **modalidade B) Relato curto**, texto de autoría propia, extensión máxima tres caras en Arial 12 e 1'5 nas interliñas.
- A entrega dos traballos será no enderezo edlgieschapela@gmail.com Asunto: *Certame Literario Xela Arias*. O nome do arquivo será o título da obra presentada. No texto da mensaxe especificaranse os datos da persoa participante: nome, curso, enderezo electrónico, teléfono de contacto, modalidade pola que participa (A) Poesía ou B) Relato). Ou ben serán entregados en dirección en sobre, cos datos da persoa participante no interior e no exterior Asunto: *Certame Literario Xela Arias*.
- O prazo de presentación rematará o día 23 de abril de 2020.
- O fallo do xurado farase público no transcurso das actividades de celebración do día das letras galegas no centro.

4. Xurado

O xurado estará composto por persoal do centro educativo que seleccionará as propostas gañadoras en cada modalidade. Do proceso de selección e fallo do xurado poderá consultarse información na web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschapela/>

5. Premio

As propostas gañadoras de cada modalidade recibirán como premio un cheque para mercar no comercio local. 1 Premio:50 €. 2º premio: 30€. 3º Premio:20 €. Todas as persoas participantes recibirán un diploma acreditativo.

6. Aceptación das bases

A participación no concurso leva implícita a aceptación destas bases e do fallo do xurado. A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases. Os traballos presentados pasarán a formar parte do fondo do IES de CHAPELA, que terá completa liberdade para empregalos nas actividades docentes e didácticas que considere, de xeito gratuito, mais mencionando a persoa autora.

As persoas que concursen responsabilízanse de que non existan dereitos a terceiros nas obras presentadas